

Á Mesa do Parlamento

M^a Soledad Soneira Tajés, Noela Blanco Rodríguez e Vicente Docasar Docasar, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**:

Nestes días distintos medios de comunicación (La Opinión, Faro de Vigo, etc) veñen facéndose eco dos informes do Consello de Contas relativos a diversas irregularidades detectadas en fundacións e outros organismos que imparten formación para o emprego.

Entre elas destaca FESAN, unha fundación á que a Administración galega dedica cuantiosos recursos e un trato de favor realmente destacable: case 10M€ dende 2009 para distintas actividades, transixe con prácticas que son cuestionadas polo Consello de Contas, etc. O trato de favor chega a extremos preocupantes cando invita a esta fundación e a empresas vinculadas cos xestores da mesma, á adxudicacións por procedementos negociados e sen publicidade.

O Grupo Parlamentario Socialista xa ten presentado preguntas sobre as relacións entre a Fundación FESAN e a Xunta de Galicia. As respostas, coma sempre, foron dadas tarde, con retraso e incompletas.

Dos datos coñecidos polo noso Grupo Parlamentario, dos informes do Consello de Contas e das noticias publicadas polos medios de comunicación, aparecen, unha vez mais, determinados departamentos da Xunta, cursos de formación, incumprimentos da lexislación que dan lugar ás axudas e subvencións, e un longo etc., que xa vimos en casos como a “Operación Z”, “Operación Qatedra” e outras, onde certas elites vinculadas ideoloxicamente co Partido Popular, deseñan mecanismos que permiten o acceso a cuantiosos recursos públicos que son adxudicados e fiscalizados de xeito laxo e cunha certa displicencia.

Grupo Parlamentario

Hoxe, diante dos informes do Consello de Contas, e diante das informacións publicadas polos medios de comunicación, as deputadas e o deputado asinantes formulan a seguinte Interpelación.

1.ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia dos informes do Consello de Contas con respecto ás contas da Fundación FESAN?

2.ª) E coñecedora a Xunta de Galicia do entramado empresarial existente no contorno des Fundación?

3.ª) Si é así, que razóns aconsellan que a Xunta de Galicia convide a tres empresas vinculadas entre si para a adxudicación dunha plataforma tecnolóxica?

4.ª) Cantos controis e fiscalizacións ten feito a Xunta de Galicia a esta fundación ao longo dos anos en que se lle teñen concedido axudas e subvencións públicas?

5.ª) Cantas subvencións, axudas, ou calquera outro tipo de achegas, ten recibido a Fundación FESAN da Xunta de Galicia dende 2009 ate a actualidade, especificando importe, finalidade, e anualidade?

6.ª) Porque non detectou a Xunta de Galicia as eivas que denuncia o Consello de Contas?

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2016

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés
Noela Blanco Rodríguez
Vicente Docasar Docasar
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 11/03/2016 12:24:06

Noela Blanco Rodriguez na data 11/03/2016 12:24:15



Grupo Parlamentario

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 11/03/2016 12:24:20

Partido dos
Socialistas
de Galicia
